

“Só cumprindo as nosas
obrigas, poderemos esixir os
nosos dereitos ”



Comisión de convivencia
CEIP de Galán

DEREITOS



DEBERES



ALUMNADO

DEREITOS

Recoñécese ao alumnado os seguintes **dereitos básicos** de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1.- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

2.- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

3.- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e, en particular, contra as situacións de acoso escolar.

4.- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa.

5.- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.



DEBERES

Son **deberes básicos** de convivencia do alumnado:

1.- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á co-educación.

2.- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

3.- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

4.- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

5.- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

6.- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia do seu centros docentes.

7.- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

8.- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

(LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Artigo 7)